REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Día: 12.07.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO
DE GALICIA

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 12 de xullo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1.1 51821 (10/CPC-000116)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do señor director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por petición propia, para dar conta das viaxes institucionais realizadas no primeiro semestre do ano 2019

Punto 2. Preguntas

2.1 43617 (10/POC-006925)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis
Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto dos resultados ata a actualidade do programa Iacobus, de cooperación cultural, científica e pedagóxica entre as universidades da eurorrexión Galicia-norte de Portugal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019

2.2 48576 (10/POC-007711)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre as transferencias orzamentarias anuais totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas no exercicio 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 33115 (10/PNC-002708)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun novo plan de salvamento nas praias e o incremento das partidas orzamentarias destinadas aos programas de socorrismo e salvamento en colaboración cos concellos, así como a reforma da normativa galega respecto da formación necesaria para

PARLAMENTO DE GALICIA

exercer a profesión nas costas e praias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 335, do 11.07.2018

3.2 52010 (10/PNC-004159)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a denominación, por parte da Xunta de Galicia, como edificio Virxinia Pereira Renda ao da súa propiedade recentemente rehabilitado na rúa Benito Corbal de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 498, do 04.07.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019

José Manuel Rey Varela

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira	P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Beatriz Mato Otero	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
José Manuel Rey Varela	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	M

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 51821(10/CPC-000116)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do señor director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por petición propia, para dar conta das viaxes institucionais realizadas no primeiro semestre do ano 2019

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
24 XUN. 2019
Núm. 51821

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
24 XUÑ. 2019
SAÍDA
Num. 136

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e a petición propia, do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea –da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza- para **"dar conta das viaxes institucionais realizadas no primeiro semestre de 2019"**.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2019

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Xacobeo 2021

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 43617(10/POC-006925)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto dos resultados ata a actualidade do programa Iacobus, de cooperación cultural, científica e pedagóxica entre as universidades da eurorrexión Galicia-norte de Portugal

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 43617
Data envio: 15/01/2019 15:07:59.159

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

No ano 2014, no seno da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, asinábase o Protocolo de Cooperación Cultural, Científica e Pedagóxica entre Universidades e Centros de Ensinanza superior da Eurorrexión , co obxetivo de promover o desenvolvemento do ensino superior e a investigación científica e tecnolóxica no ámbito da cooperación transfronteiriza.

Foito dese Protocolo, naceu o Programa IACOBUS, cuxo obxetivo principal é fomentar a cooperación e o intercambio de coñecemento científico a traves da colaboración entre profesores, Invesitgadores, Persoal de Administración e Servicio das Universidade e centros de ensino superior de Galicia e o Norte de Portugal, facilitando a posta en común de actividades formativas, de investigación e divulgativas, nunha iniciativa de carácter transfronteirizo, pioneira no conxunto da Unión Europea.

O Programa IACOBUS desenvolve neste momento a sexta convocatoria dende o seu alumeamento, despertando en todas ellas un gran interés no mundo universitario, como amosan as 639 estancias de investigación financiadas con cargo ao programa ata o ano 2018.

A incorporacion ao programa IACOBUS de 22 Centros Tecnológicos de primeiro nivel da Eurorregión Galicia-Norte de Portugal, concretada na cerimonia de adhesión que tivo lugar en Porto o pasado 14 de septembr o de 2018 , non fai mais que corroborar as altas expectativas suscitadas por esta iniciativa.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Que balance fai a Xunta de Galicia dos resultados ata o de agora do programa IACOBUS, de cooperación cultural, científica e pedagóxica entre as universidades da Eurorrexión?

CSV: REXISTRO-QSSR6dmm8-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 43617
Data envio: 15/01/2019 15:07:59.159

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2019 15:03:37

Paula Prado Del Río na data 15/01/2019 15:03:47

César Manuel Fernández Gil na data 15/01/2019 15:04:12

Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2019 15:04:18

Antonio Mouriño Villar na data 15/01/2019 15:04:29

María Julia Rodriguez Barreira na data 15/01/2019 15:05:11

María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2019 15:05:25

Diego Calvo Pouso na data 15/01/2019 15:05:42

CSV: REXISTRO-QSSR6dmm8-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 48576(10/POC-007711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as transferencias orzamentarias anuais totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas no exercicio 2018

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2019 11:27:31
Nº Rexistro: 48576
Data envio: 03/04/2019 11:27:31.492

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Unha vez pechado o exercicio económico 2018 e presentado o documento correspondente á execución orzamentaria do dito exercicio, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Cales foron as transferencias anuais totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas no exercicio 2018?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/04/2019 11:18:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/04/2019 11:19:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2019 11:19:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/04/2019 11:19:24

CSV: TFolv9lhA7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 33115(10/PNC-002708)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun novo plan de salvamento nas praias e o incremento das partidas orzamentarias destinadas aos programas de socorrismo e salvamento en colaboración cos concellos, así como a reforma da normativa galega respecto da formación necesaria para exercer a profesión nas costas e praias

Publicación da iniciativa, 335, 11.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33115
Data envio: 03/07/2018 19:39:10.461

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.ª**

Exposición de motivos:

No que levamos de ano 2018 en Galicia faleceron por afogamento 17 persoas, o que coloca a nosa comunidade no terceiro lugar do conxunto do Estado ao respecto do número de falecidos. Esta situación é de enorme gravidade aínda que parece non ter sido recibido pola sociedade como un enorme problema, basta un dato para evidenciar a preocupante situación do país; no primeiro semestre en Galicia faleceron en accidente viarios 39 persoas. Polo tanto os falecementos por afogamento en Galicia son a día de hoxe practicamente a metade dos falecementos por estrada, datos que deberían facer entender a verdadeira dimensión do problema.

Sen dúbida ante esta situación compre unha actuación inmediata que permita resolver e diminuír o risco para as persoas usuarias das máis de 700 zonas de baño en Galicia, situadas nos seus 1.200 quilómetros de costa e os moitos lugares de baño en augas doces que ten o noso país.

Debemos recordar que aínda que a competencia da seguridade nas praias é dos concellos, existe un programa de colaboración entre a administración autonómica e as entidades locais, recollido no SAPRAGA que é o único plan que ten o país para o salvamento nas praias, plan cuxa última actualización é do 2001 e que,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33115
Data envio: 03/07/2018 19:39:10.461

polo tanto, precisaría dunha revisión así como toda a política da Xunta a este respecto ante a evidencia dramática dos datos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar de forma inmediata un novo plan de salvamento nas praias de Galicia, que conte coa colaboración da sociedade civil, as entidades locais e as asociacións e federación de salvamento e socorrismo do país.

2. Abordar de forma inmediata un incremento das partidas orzamentarias destinadas aos programas de socorrismo e salvamento en colaboración con concellos, que permita incrementar o número de praias e días con presencia de servicio de socorristas no conxunto do país.

3. Reformar a normativa existente en Galicia ao respecto da formación necesaria para exercer a profesión nas costas e praias galegas.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga
Deputados e Voceiros do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 03/07/2018 19:37:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33115
Data envio: 03/07/2018 19:39:10.461

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Carmen Santos Queiruga na data 03/07/2018 19:37:29

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 52010(10/PNC-004159)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a denominación, por parte da Xunta de Galicia, como edificio Virxinia Pereira Renda ao da súa propiedade recentemente rehabilitado na rúa Benito Corbal de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 498, 04.07.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 16:47:16
Nº Rexistro: 52010
Data envio: 27/06/2019 16:47:16.948

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 17 de xuño a Xunta de Galiza presentou publicamente a rehabilitación parcial do edificio administrativo de Benito Corbal, aínda pendente de completar coa adecuación de tres plantas das que fará uso a Universidade de Vigo.

O BNG considera positiva a actuación de reforma do edificio logo de máis de 8 anos de abandono. Os novos usos administrativos e sociais que vai ter, a cesión de espazos ao concello, a universidade e a entidades sociais vai permitir o uso e aproveitamento dun equipamento público, ao tempo que dinamiza a contorna urbana na que se empraza, a céntrica rúa Benito Corbal.

Mais consideramos que sería positivo que o edificio contase cun nome que o identifique, mais alá do nome da rúa na que está emprazado. E por iso propoñemos a denominación de Edificio Virxinia Pereira, en homenaxe a unha muller que naceu na Estrada e que tivo unha profunda relación con Pontevedra, cidade na que viviu 20 anos, e co autogoberno de Galiza, causa na que loitou toda a vida ao lado do seu marido Alfonso Rodríguez Castelao.

CSV: REXISTROTC4n2OKkD0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 16:47:16
Nº Rexistro: 52010
Data envio: 27/06/2019 16:47:16.948

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben a súa figura está solapada pola do escritor, artista, ensaísta e político, Virxinia Pereira Renda tivo personalidade e vida propia, mantivo durante toda a vida o compromiso coa súa terra, sufriu o espolio dos seus bens e da súa casa da rúa da Oliva, padeceu o rigor do exilio en Cuba, Estados Unidos e Arxentina, e, logo da morte de Castelao, loitou o resto da vida "como unha leoa" en defensa dos bens espoliados e do legado artístico e intelectual do seu home, que se conserva en grande parte no Museo de Pontevedra por vontade dos dous. Por todas estas razóns, Virxinia Pereira merece o máximo recoñecemento da cidade de Pontevedra e de toda Galiza.

O BNG entende tamén que a Xunta de Galiza debe sumarse ao proceso de feminización dos nomes dos espazos e edificios públicos, para combater unha visión androcéntrica que se materializa na preponderancia de nomes masculinos e na ocultación e na invisibilización das mulleres.

O vindeiro 23 de decembro de 2019 vanse cumprir 50 anos do pasamento de Virxinia Pereira Renda, polo que a escolla do seu nome para o renovado edificio da Xunta de Galiza en Pontevedra sería unha magnífica homenaxe á súa figura de muller boa e xenerosa, á que o noso país lle debe tanto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a que lle dea o nome 'Virxinia Pereira Renda' ao renovado edificio da administración autonómica da rúa Benito Corbal de Pontevedra."

CSV: REXISTROTC4n2OKkD0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 16:47:16
Nº Rexistro: 52010
Data envio: 27/06/2019 16:47:16.948

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2019 16:46:22

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2019 16:46:29

Noa Presas Bergantiños na data 27/06/2019 16:46:37

Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2019 16:46:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/06/2019 16:46:52

CSV: REXISTROTC4n2OKkD0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 16:47:16
Nº Rexistro: 52010
Data envio: 27/06/2019 16:47:16.948

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2019 16:47:00

CSV: REXISTROTC4n2OKkD0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/